

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 24 DE AGOSTO DE 2020.**

**PRESIDENTE:**

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**

D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril  
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes  
D. Carlos Liñares Gestal  
D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra  
D. Abraham Seijas González  
D.<sup>a</sup> Yessica Méndez Sánchez

**INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Vanesa García Barreiro

**SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día vinte e catro de agosto do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.<sup>a</sup> Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.<sup>a</sup> Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 17 DE AGOSTO DE 2020.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 17 de agosto de 2020, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por sete votos a favor (do Sr. alcalde, Rioboo Castro, e dos/as Sres./as concelleiros/as Pombo Carril, Iglesias Lovelle, Liñares Gestal, Iglesias Becerra, Seijas González e Méndez Sánchez) e coa abstención da Sra. concelleira Figueroa Fuentes, a cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 17 de agosto de 2020.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

**Publicacións:**

- Orde do 19 de agosto de 2020, da Consellería de Sanidade, sobre mantemento das medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada. DOG núm. 167-bis do 19-08-2020.
- Extracto da Resolución número 2020/24338, do 12 de agosto de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria da liña de axudas 1.3.- PEL- REACTIVA: FONDO DE

FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, do Plan de Emprego Local (PEL 2020). BOP núm. 132 do 18-08-2020.

## **2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.**

2.2.1.- A Sra. secretaria dá lectura ao escrito da Sra. concelleira delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte, de data 21 de agosto de 2020, que transcrito literalmente di:

### **“DACIÓN DE CONTA DA CONCELLERÍA DE ÁREA DE POLÍTICA SOCIAL E PROMOCIÓN DO DEPORTE.**

Dase conta á **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do día **24/08/2020** das seguintes resolucións emitidas dende esta concellaría :

<b>*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.</b>				
<b>Data da resolución</b>	<b>Nº resolución</b>	<b>TEMA</b>	<b>Persoa beneficiaria</b>	<b>Intensidade</b>
14/08/2020	1012	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio.	***3371**	1 hora á semana (agás festivos).
		Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio	***8685**	1 hora á semana (agás festivos).
14/08/2020	1013	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio	***0255**	5 horas á semana (agás festivos).
		Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio	***7344**	2 horas á semana (agás festivos).
14/08/2020	1014	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio	****0040*	10 horas á semana (agás festivos).
		Conceder o Xantar na Casa para os 7 días da semana e dar traslado desta resolución ó Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.		
		Conceder o Servizo de Teleasistencia domiciliar e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña		

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I01EI</b>	<b>USG/2020/108</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>5W2J 2S4E 111V 6042 0324</b>	

**\*PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
14/08/2020	1010	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***0264**	Pago do recibo de luz correspondente ao período de 02 de xaneiro de 2020 a 03 de marzo de 2020,  Pago do recibo de luz correspondente ao período de 07 de abril de 2020 a 06 de maio de 2020.	98,98€  25,63€
14/08/2020	1011	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***3598**	Pago do recibo de auga, por un importe de correspondente ao 1º trimestre de 2020  Pago do recibo de luz correspondente ao período de 16 de xuño de 2020 a 16 de xullo de 2020.	55,93€  13,54€
14/08/2020	1015	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***4728**	Pago do recibo de auga, correspondente ao 1º trimestre de 2020,  pago do recibo de gas, por un importe de correspondente ao período de 07 de febreiro de 2020 a 11 de xuño de 2020.	58,08€  25,26€
14/08/2020	1016	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***1542**	Pago do recibo da comunidade, correspondente ao ano 2020.	200€

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I01EI</b>	<b>USG/2020/108</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>5W2J 2S4E 111V 6042 0324</b>	

14/08/2020	1017	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***7629**	Pago do recibo de auga do terceiro trimestre de 2019 os recibos de electricidade do 14 de xullo ( <b>49,31€</b> ) e do 15 de agosto de 2019 ( <b>55,12€</b> ).	159,71€
14/08/2020	1018	Conceder unha axuda económica.	****5863*	pago de aluguer, correspondente aos meses de abril(235€) e de maio a xullo (280€/mes) de 2020.	1075€
14/08/2020	1019	Conceder unha axuda económica.	****1345*	pago de aluguer correspondente aos meses de xullo (315€), agosto e setembro (380€/mes) de 2020.	1075€,
14/08/2020	1020	Conceder unha axuda económica.	***4032**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de marzo (175€) e de abril a xuño (300€/mes) de 2020.	1075€

C.I.F. P-1503100-H

### **3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

### **4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta e nove minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace  
O alcalde  
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)